

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP COUTADA-BEADE  
CURSO: 5º EP  
MATERIA: LINGUA INGLESA  
DATA: MAYO 2020

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia.	Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá.
Interactuar en situación sinxelas de comunicación, usando expresións e frases feitas de uso frecuente.	Participa de forma activa en situacións de comunicación sobre temas do seu interese, cunha pronuncia e entoación comprensibles.
Identificar o sentido xeral de textos escritos sinxelos, en soporte papel ou dixital, sobre temas previamente traballados de forma oral.	Comprende a idea principal dun texto escrito con apoio visual, adaptado á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
Producir con razoable corrección textos escritos, compostos de frases simples, para falar de si mesmo e da súa contorna máis inmediata.	Escribe textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, traballados previamente de forma oral, cunha ortografía aceptable.
Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.	Amosa interese por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<u>Procedementos:</u> Recompilación de datos: realización de tarefas, asistencia ás videoconferencias, implicación, comunicación...
	<u>Instrumentos:</u> Informe semanal de seguimento do alumnado.
<b>Cualificación final</b>	Consideraranse en conxunto as avaliações de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e competencias imprescindibles previamente definidas.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Actividades variadas de reforzo e ampliación para traballar as catro destrezas lingüísticas, repasando vocabulario e estruturas gramaticais.</p> <p>Estas actividades inclúen: comprender un texto oral ou escrito mediante exercicios de verdadeiro ou falso, opción múltiple, relacionar, etc; ler unha definición e identificar a palabra; describir ou definir algo; ordenar palabras dunha oración; formular e responder preguntas; exercicios de completar...</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Afortunadamente, o noso centro puido dotar de dispositivos informáticos (ordenadores ou tablets) ás familias que o necesitaban, polo que actualmente todo o alumnado está preparado para traballar telemáticamente.</p> <p>As tarefas envíanse por aula virtual ou correo electrónico e son entregadas polos mesmos medios.</p> <p>Estableceuse un horario para videoconferencias (unha á semana, pola mañá). Nestas sesións facemos actividades lúdicas que favorecen a comunicación oral; tamén aproveitamos para resolver posibles dúbidas. O clima de traballo é agradable e distendido, sentímonos máis preto, e isto axuda a mellorar o noso estado emocional, que en moitas ocasións vese afectado pola situación que estamos a vivir. A duración das videoconferencias é de 1 hora, aproximadamente.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Ordenador ou tablet, aula virtual, Cisco Webex Meetings, Snappet, libreta de inglés, flashcards, etc.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Mensaxes a través da aula virtual, correo electrónico e abalar, e chamadas telefónicas se fose necesario.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.